

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	Curso 3º ESO
INGLÉS	Ano académico 2022-2023

## AVALIACIÓN

### Procedemento avaliación continua

Realizaranse varias Probas escritas que avalien as diferentes destrezas lingüísticas : *reading, writing, speaking e listening*. Trataremos de levar a cabo varias mini-probas dentro de cada apartado para poder valorar ao alumnado de modo continuado e así contar con máis probas obxectivas que realizan presencialmente, onde deben amosar o seu traballo e esforzo diario.

### - Criterios de cualificación- convocatoria ordinaria

1. Traballo en clase, na casa, actitude (participación, interese, esforzo, e uso axeitado do material propio e alleo): 10%\*
2. Proba de *Use of English* (Grammar, vocabulary, text, composition): 40%
3. Proba de *Listening*: 20%
4. Probas do libro de lectura ( *Reading*), unha delas será escrita de comprensión e expresión e a outra consistirá nunha presentación utilizando a ferramenta de *Open Office Impress*: 15%+ 15%

\*Para acadar este 10%, o alumno deberá traer sempre as tarefas encomendadas para realizar na casa (4%), descontarase 0.1 puntos ata un máximo de 0.4 por cada vez que nos as realice; deberá entregar todas as redaccións e/ou traballos que se lle pidan polos que acadará unha nota, que puntuará un 4% do total deste apartado, e finalmente o 2% restante será adicado á actitude,(precísase máis arriba en que consiste), se se produce unha incidencia negativa neste subapartado descontarase un 0.1 ata un máximo de 0.2.

\* Na 3ª avaliación, non se esixirá un libro de lectura e o alumnado terá que realizar unha presentación oral elixindo como tema algúns dos propostos no libro de texto ou outros suxeridos polo alumno ou profesora. Esta presentación terá un valor do 20%, a proba de Use of English 50%, e os outros apartados (traballo en clase, casa etc e Listening) quedarán do mesmo xeito.

A avaliación é continua, polo que non haberá exames de recuperación. A 2ª e 3ª avaliacións inclúiran contidos das anteriores. Dado que a nota final será a da 3ª avaliación, será imprescindible ter superada esta cunha cualificación positiva.

Non obstante, para beneficiar aos alumnos, o cálculo da nota final será do seguinte xeito:

- a. A nota do 3º trimestre sempre que ésta sexa igual ou superior aos dous trimestres anteriores.
- b. Se fose inferior, a nota final será a media ponderada das tres avaliacións, que se calculará multiplicando a nota da 1ª avaliación x 1, a da 2ª x 2 e a da 3ª x 3, obtendo a continuación a media aritmética dividindo o produto entre 6.

### - Criterios de cualificación- Avaliación final.

O alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria de xuño, poderá facelo na proba extraordinaria, a cal consistirá nun exame escrito que inclúa: un texto con preguntas de comprensión acerca do mesmo; preguntas de vocabulario e exercicios de gramática; preguntas dos libros de lectura, podendo tamén facer algunha proba oral e/ou listening. A nota acadada polo alumno será a nota da última proba ponderada coas outras 3 avaliacións que se calculará multiplicando a nota da 1ª avaliación x 1, a da 2ª x 2 a da 3ª x 3 e a nota da proba final x 4, obtendo a continuación a media aritmética dividindo a suma destes produtos entre 10.

### Superación da materia pendente

O alumnado que teña **pendente** esta materia de 2º ESO propoñeráselle o seguinte **plan de traballo** que consistirá en: *lecturas* adaptadas ao seu nivel, *exercicios* para que entregue mensualmente e que posteriormente se lle devolverán corrixidos e comentados e a realización dunha *proba escrita* por trimestre, acordando co alumno a data máis beneficiosa para el, para finalmente elaborar un informe acerca do progreso do alumno nesta materia en cada avaliación. Os contidos e os criterios esixidos para a recuperación desta materia pendente serán os reflectidos na programación específica do curso 2º ESO. Para a superación da materia pendente o alumno terá que entregar todas as tarefas que se lle encomenden mensualmente e que puntuarán un 30% e realizar unha proba por trimestre que puntuará o 70%. A nota

final do alumno será a resultante da media ponderada das tres avaliacións, calculándoa do seguinte xeito: multiplicando a nota da 1ª avaliación x 1, a da 2ª x 2 e a da 3ª x 3, e dividindo a suma dos produtos por 6.